

“O MATRIMONIO ARNOLFINI” (Jan van Eyck): comentario artístico



DATOS TÉCNICOS DA OBRA

AUTOR: Jan van Eyck

CRONOLOXÍA: cara 1434 (primeiro terzo do s. XV)

LOCALIZACIÓN: na actualidade, na National Gallery (Londres, Reino Unido)

ESTILO: pintura gótica flamenca

CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

O estilo Gótico desenvólvese entre mediados do s.XII e o s.XV. O Gótico coincide coa Baixa Idade Media, contemplando unha serie de importantes cambios e transformacións na vida civil, económica e relixiosa: a puxanza económica da burguesía como grupo social; o renacer e o desenvolvemento urbano; unha tímida secularización; un maior interese polo ser humano e a natureza, o xurdimento das ordes mendicantes ou o nacemento das universidades, entre outros trazos. O Gótico, a diferenza do Románico, será esencialmente un estilo urbano e que potenciaría o realismo e o naturalismo.

A arquitectura gótica, ó substituír os muros por amplos ventanais reduxo os espazos para a pintura mural, que só mantivo a súa importancia en Italia. No resto de Europa foise impondo a pintura sobre táboa de madeira en forma de retablos dispostos sobre o altar e que podían ser fixos ou móbiles. Os retablos estaban formados por varias táboas, puidéndose pechar as laterais.

Pero a maior revolución pictórica virá coa nova técnica do óleo, difundida polos pintores flamencos que utilizarían o aceite como aglutinante.

Os principais trazos da pintura gótica son:

-Os pintores góticos inspíranse na realidade e na natureza, polo que se interesan pola representación do espacio, da anatomía e da luz.

-Maior aproximación á representación dos personaxes relixiosos (santos, anxos, a Virxe María...), nun plano máis humano que divino, cunha maior expresividade e rachando co hieratismo e o frontalismo da pintura románica.

-Aparecen novos temas, como as paisaxes, que substitúen ós fondos lisos e que se empregan para dar un maior realismo ás escenas; os retratos, ó principio dos donantes dos cadros, pero logo vai adquirindo maior importancia o retrato do aspecto físico e dos sentimentos dos individuos; as naturezas mortas ou bodegóns, cun gran coidado dos obxectos.

-A pintura experimenta un gran florecemento como arte, destacando sobre todo dúas correntes, tendencias ou escolas: a pintura italo-gótica e a pintura flamenca.

En Flandes (Bélxica), creouse unha escola de pintura gótica no s. XV (“os primitivos flamencos), precisamente nunha rexión rica pola súa burguesía comercial, que se convertería nunha importante clientela dos artistas. A maior parte dos cadros flamencos teñen como clientes á Igrexa, xunto a individuos laicos, sendo o destino de moitas das pinturas as casas dos burgueses ou as sedes dos gremios. Tratábase de pinturas de pequenas dimensións, pensadas para ser colgadas nas casas ou de maiores proporcións as destinadas ás igrexas e locais dos artesáns. En canto ós temas representados, tratábase

de agradar ós gustos do cliente. Así, os prósperos e orgullosos burgueses tiñan casas dacordo coa súa riqueza, moi amobladas, cómodas e decoradas con cadros que representaban o seu estilo de vida e imaxes de Flandes.

Os pintores flamencos aportaron á arte unha serie de **innovacións fundamentais**. Entre os trazos a destacar desta escola pictórica destacan: o **pequeno tamaño** dos cadros (pensados para casas particulares); a **minuciosidade** e o **realismo** dos obxectos e das persoas (de acordo co gusto práctico e nada fantasioso dos burgueses da época); o coidado dos **fondos**, creando unha atmosfera moi real; a importancia da **paisaxe** (con moita terra e pouco ceo), un precedente da pintura renacentista; as **roupaxes acartonadas** e con pregues grandes e case xeométricas; os temas predominantemente relixiosos, pero desde o punto de vista burgués; a importancia dos **elementos simbólicos** (cores e obxectos como alegorías de ideas e mensaxes); o emprego da **perspectiva** para acadar o efecto da profundidade...

Por outra banda, os pintores empregan como soporte a **madeira ou táboa** (os cadros ou táboas flamencas), utilizando como novidosa técnica o **óleo**, non inventado agora, pero que se aplica en Flandes cunha destreza e finura increíbles, obtendo unha maior riqueza cromática, ao tempo que potencian o brillo das tonalidades. Isto permite pintar temas cunha enorme minuciosidade e aumentar a sensación de realidade. Ademais, o óleo permitía un traballo máis rápido, cun resultado no que destacaban os brillos e as veladuras, e coa posibilidade de retoques ("arrepentimentos") fronte á técnica do temple.

En resumo, a pintura flamenca é fundamental por dúas innovacións básicas: **o emprego da técnica do óleo e a minuciosidade das súas pinturas**.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

De entre tódolos pintores flamencos, destacou principalmente **Jan Van Eyck**, un artista cun estilo aristocrático e persoal, que chegou a ser o pintor oficial do duque de Borgoña, e autor da famosa obra que é obxecto deste comentario presente.

A táboa do **Matrimonio Arnolfini** é un retrato encargado polo esposo, Giovanni Arnolfini, un rico comerciante burgués de orixe italiana.

Non se trata dun retrato vulgar e corrente, senón dun auténtico **documento ou certificado matrimonial**. Segundo algunhas teorías, pintouse en vida da parella, e para outros expertos, foi encargado polo comerciante tralo falecemento da súa muller a modo de recordo.

Os personaxes, dispostos de pé, aparecen no **interior** dunha habitación, o dormitorio da súa vivenda, representada cun detallismo que recolle e representa tódolos obxectos típicos dunha casa do s.XV (os adornos do espello; o reflexo no mesmo espello dos esposos e das dúas testemuñas; o mobiliario; as roupaxes dos esposos, etc).

A perspectiva espacial está marcada polas liñas do chan, das vigas, da fiestra e do dosel da cama que conflúen cara o interior. As liñas converxen cara ó fondo, aplicándose o esquema da perspectiva liñal, que se amplía gracias ó efecto do espello cóncavo do fondo, aumentando a sensación de profundidade da habitación.

En canto á técnica pictórica, destaca o protagonismo da liña, conformando un debuxo claro, preciso e delicado. A utilización do óleo, por outra banda, permite conseguir unhas calidades case palpables nos obxectos, recollendo ata o mínimo detalle (é o que se chama **realismo sensorial**).



En **primeiro termo** aparecen o can e as vestiduras recollidas do vestido da muller no chan. De seguido, sitúanse os **protagonistas**. Detrás destes, hai un espazo marcado pola luz que entra pola fiestra da esquerda e, ao fondo, a parede da habitación pecha a representación. A **luz** actúa dinamizando a escena para aminorar o estatismo dos retratados, acariciando as figuras e os obxectos, creando unha atmósfera moi real. No cadro emprégase unha luz brillante, propia do óleo, e que semella representar o aire, refulxindo os obxectos como se fosen esmaltes.

Pero o espazo non remata aquí, senón que se prolonga a través do **espello** colgado na parede. Mediante este espello, o espectador ten dúas visións distintas dun mesmo espazo e tempo. Deste xeito, o propio pintor, acompañado doutra persoa, autorretratouse no espello cóncavo, introducindo a figura do autor na súa propia obra, o que significaba xa unha maior valoración do artista e da mesma arte. O **reflexo no espello** será un motivo empregado posteriormente en outros cadros tamén famosos, como "As Meninas" ou na "Venus do Espello", de **Velázquez**.

O dominio e o virtuosismo técnico fanse patentes ao observar **pequenos detalles**, como as escenas da Paixón de Cristo que adornan o marco do espello, ou a pelaxe do cadelíño, xa que os pelos están pintados un a un.

A pesar da imitación da realidade, o retrato está cargado de **simbolismos**, como a vela encendida na lámpada (a Luz de Cristo, a luz da fe e principal testemuña do acto, bendecendo o mesmo), os zapatos, o can (fidelidade), o espello representa a pureza e virxinidade da esposa (que non está embarazada, a pesar do abultado do seu ventre), os adornos do espello recollen escenas da paixón de Cristo, sobre a cabeceira da cama aparece representada Santa Margarida (patroa dos partos, o feito de que os esposos estén descalzos quere recordarnos o carácter sagrado do ritual levado a cabo, as froitas do altéizar da ventá son símbolos da inocencia fronte ó pecado e dos futuros fillos, as cores azul e verde da muller simbolizan o amor e a esperanza. Finalmente, os propios esposos están posando nun xesto de bendición e entrelazando as mans. Todos estes detalles están relacionados co contrato matrimonial e co sacramento do matrimonio. O propio Van Eyck asinou e datou a obra na parede do fondo, sobre o espello, a xeito de testemuña da alianza matrimonial ("J.Eyck estivo aquí", escrito en latín).



CONCLUSIÓN

Todo o comentado anteriormente converte a esta pintura nunha das pinturas mestras da arte universal e nunha obra enormemente **intelectual**, que hai que ler e comprender, convertíndose nalgo **complexo e profundo**.